



CELESTINO J. AMIGO LIÑARES, SECRETARIO DO CONCELLO DE OZA DOS RÍOS

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 12 de abril de 2010, adoptou o seguinte acordo:

4.1.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL OBRAS INCLUÍDAS NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC 2008/2011) DA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA. Visto o expediente instruído para contratar mediante procedemento negociado a obra incluída no Plan epigrafiado que a continuación se cita, xunto co respectivo presuposto de contratación:

- “MELLORA E AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE AUGAS EN OZA DOS RÍOS”, presuposto total de 199.998,22 €.

Resultando que, de acordo co establecido na normativa vixente e no prego de cláusulas administrativas particulares e as instrucións de contratación remitidas pola Deputación Provincial, e segundo consta acreditado no expediente de adxudicación, por este Concello publicáronse os oportunos anuncios nun xornal e no perfil do contratante, a fin de que as empresas interesadas presentasen as súas mellores ofertas.

Resultando que dentro do prazo concedido para o efecto, conforme se desprende da correspondente certificación emitida, incorporada ao expediente e das actas da Mesa de Contratación que figuran no mesmo, presentaron ofertas para esa obras as seguintes empresas:

ESPINA&DELFÍN S.L.
CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR S.L.
EXCAVACIONES AMENEDO S.L.
GAUX-AUXILIAR Y GENERAL DE SERVICIOS S.L.
MANUEL MONTERROSO VARELA
UTE FERGO GALICIA S.A.-PROYECTA S.L.
FERORSA PROYECTOS Y OBRAS S.L.
XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.
CONSTRUCCIONES ALEJANDRO MARTÍNEZ E HIJOS S.L.
SAN MARTÍN S.A.
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.
CANARGA S.L. CONSTRUCCIONES
MARCO, OBRAS Y PROYECTOS DE AROSA S.L.

Resultando que tras as oportunas subsanacións documentais que lles foron requeridas a diversos licitadores foron admitidos todos eles e remitidas as proposicións económicas e referencias técnicas para informe dos servizos técnicos municipais.

En consonancia coa proposta da Mesa de Contratación, baseada nos citados informes dos servizos técnicos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

PRIMEIRO.- Adxudicar provisionalmente á empresa ESPINA Y DELFÍN, S.L., con CIF B15026693 e domicilio social en Santiago de Compostela, vía Edisón, nº 9 - Polígono Industrial del Tambre; representada por D. Amador Mosquera Liste, o contrato da obra denominada “Mellora e ampliación da rede municipal de augas en Oza dos Ríos”, en Oza dos Ríos, incluída no PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC 2008/2011) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, no prezo de cento oitenta e oito mil novecentos noventa e oito euros e trinta e dous céntimos (188.998,32 €), IVE engadido, que supón unha baixa de dez mil novecentos noventa e nove euros e noventa céntimos (10.999,90 €), e que se realizará no prazo dun mes, de acordo coa oferta presentada e co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.



CONCELLO DE OZA DOS RÍOS

■ Lois, nº 33 - Oza; 15388 Oza dos Ríos (A Coruña) ■ Tlfno. 981792000 ■ Fax. 981792025

SEGUNDO.- Toda vez que a adxudicataria provisional xa presentou a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como os documentos acreditativos da súa aptitude para contratar e da disposición dos medios que se comprometeu a dedicar e adscribir á obras, tan só deberá acreditar no prazo sinalado no artigo 135.4 da Lei 30/2007, de contratos do sector público (LCSP) - é dicir, no de quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique a adxudicación provisional no perfil de contratante do órgano de contratación - á constitución para cada obra da súa correspondente garantía que alcanzará o 5% do seu importe de adxudicación excluído o IVE, na forma prevista na Lei de contratos do sector público.

De non cumprir este requisito por causas imputables á adxudicataria provisional, o Concello de Oza dos Ríos declarará decaída a adxudicación provisional ao seu favor, sendo de aplicación o disposto no artigo 135.3 LCSP.

TERCEIRO.- Publicar as adxudicacións provisionais no perfil do contratante do órgano de contratación, sito na páxina web (<http://www.ozadosrios.es>) do Concello de Oza dos Ríos, para os efectos oportunos. Se os interesados solicitasen a información á que se refire o artigo 137 LCSP facilitaráselles no prazo de 5 días hábiles a partir da recepción da petición.

CUARTO.- Notificar este acordo á adxudicataria provisional, para os efectos oportunos, significándolle que, de acordo co estipulado no citado art. 135.4 LCSP, a elevación a definitivas das adxudicacións provisionais, o que requerirá novo acordo, non poderá producirse antes de que transcorran quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publiquen as correspondentes adxudicacións provisionais no perfil do contratante do órgano de contratación. Durante este prazo a adxudicataria deberá presentar as garantías especificadas no apartado segundo deste acordo.

E para que conste e unir ó expediente, expido a presente en Oza dos Ríos, a 19 de abril de 2010.

Ordenado e visado
O Alcalde,